

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CSTCP01	Patronaxe e moda	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0276	Materiais en téxtil, confección e pel	2023/2024	4	160	160
MP0276_12	Materiais téxtiles	2023/2024	4	115	115
MP0276_22	Peles e coiros	2023/2024	4	45	45

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	NOA FRÍAS NORES (Subst.)
Outro profesorado	NOA FRÍAS NORES

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

En base á Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e ao Real Decreto 1538/2206 polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, fixéronse as bases de estrutura dos títulos de formación profesional a nivel do Estado.

En base a esta e outra normativa, publicado o Real Decreto 954/2008 do 6 de xuño, polo que se establece o título de Técnico Superior en Patronaxe e Moda, e fíxanse as súas ensinanzas mínimas, e de acordo co seu artigo 10.2 correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecer o currículo correspondente no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

Consonte ao anterior, o presente decreto establece o currículo do ciclo formativo de formación profesional de Técnico Superior en Patronaxe e Moda. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo en canto á especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Segundo o devandito Decreto, o módulo de MATERIAIS EN TÉXTEL, CONFECCIÓN E PEL inclúese no CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR DE PATRONAXE E MODA pertencente á Familia Profesional Téxtil, Confección e Pel. O ciclo ten unha duración total de 2.000 horas, distribuídas en 6 trimestres que corresponden a 2 anos académicos. Este módulo impártese no primeiro, segundo e terceiro trimestre, é dicir, no primeiro curso. Ten unha duración de 160 horas que se distribúen en 5 sesións semanais de 60 minutos de duración.

- Cualificacións profesionais completas incluídas no título:

a) Patronaxe de artigos de confección en téxtil e pel, TCP 286_3 (Real decreto 1199/2007, do 14 de setembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

- UC0474_3: Analizar materias primas, produtos e procesos de confección, calzado e marroquinaría.
- UC0912_3: Analizar e interpretar o deseño, e colaborar na definición do produto en téxtil e pel.
- UC0913_3: Desenvolver a modelaxe de pezas sobre manequín.
- UC0914_3: Planificar e desenvolver os patróns para o modelo que se confeccione.
- UC0915_3: Industrializar os patróns do modelo de artigos de confección en téxtil e pel.

b) Deseño técnico de produtos de confección, calzado e marroquinaría, TCP 150_3 (Real decreto 1087/2005, do 16 de setembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

- UC0474_3: Analizar materias primas, produtos e procesos de confección, calzado e marroquinaría.
- UC0479_3: Definir e desenvolver produtos de confección, calzado e marroquinaría.
- UC0480_3: Elaborar e controlar prototipos de confección, calzado e marroquinaría.

- UC0481_3: Definir a documentación técnica de produtos de confección, calzado e marroquinaría.

- Cualificacións profesionais incompletas:

Xestión de produción e calidade en confección, calzado e marroquinaría, TCP149_3 (Real decreto 1087/2005, do 16 de setembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

- UC0474_3: Analizar materias primas, produtos e procesos de confección, calzado e marroquinaría.

- UC0475_3: Organizar e programar a produción en confección, calzado e marroquinaría.

- UC0476_3: Xestionar a calidade da produción en confección, calzado e marroquinaría.

- UC0477_3: Supervisar e controlar a produción en confección.

- Contorna profesional.

1. Esta figura profesional exerce a súa actividade no sector da confección industrializada de produtos téxtiles e de pel, así como de calzado e marroquinaría, en pequenas, medianas e grandes empresas, xa sexa por conta allea ou por conta propia, desenvolvendo funcións de xestión da produción e de elaboración de patróns para a industrialización da confección.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Deseñador/ora técnico/a de patronaxe con CAD/CAM.

- Deseñador/ora técnico/a de confección con CAD/CAM.

- Técnico/a de desenvolvemento de produtos de confección (I+D+i).

- Técnico/a en desenvolvemento do produto.

- Encargado/a de oficina técnica.

- Modelista-patronista de peletaría.

- Modelista-patronista de pezas de vestir.

- Modelista-patronista-escalador de sombreiros e gorras.

- Patronista-escalador de pezas de vestir.

- Técnico/a en confección industrial.

- Técnico/a en fabricación de artigos de pel e coiro.

- Técnico/a en control de calidade de confección.

- Técnico/a en control de calidade en industrias de pel e coiro.

- Técnico/a de organización.
- Xefe/a de fabricación.
- Xefe/a de calidade.
- Xefe/a de sección.
- Xefe/a de equipo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	AS FIBRAS TÉXTILES	Clasificación, características, descrición e usos das principais fibras textíles	30	18
2	OS FÍOS	Operacións de fiado e características dos fíos	15	10
3	OS TECIDOS	Operacións de teceduría e teoría de tecidos.	40	22
4	ENNOBRECEMENTO TÉXTIL	Operacións de tintura e de acabados dos tecidos	30	20
5	NATUREZA E CARACTERÍSTICAS DA PEL.	Características da pel dos animais para a súa transformación en coiro. Cualidades e defectos	15	10
6	OBTENCIÓN DA PEL CURTIDA	Procesos de curtido da pel, produtos que se obteñen e usos	15	10
7	ACABADOS E CONSERVACIÓN DA PEL CURTIDA	Procesos de acabados da pel e condicións de conservación	15	10

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	AS FIBRAS TÉXTILES	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os materiais utilizados en produtos de confección industrial e determina as súas propiedades mediante a realización das probas e os ensaios adecuados.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características e as propiedades das materias e dos produtos téxtiles.
CA1.2 Clasifícanse as materias téxtiles segundo a súa natureza.
CA1.5 Identifícanse os criterios para a selección das materias segundo o produto que se pretenda fabricar.
CA1.6 Descríbense os defectos máis usuais nas materias téxtiles.
CA1.7 Recoñeceuse a normativa de simboloxía das materias téxtiles.

4.1.e) Contidos

Contidos
Clasificación, características e propiedades físicas e químicas das materias téxtiles. Normativa e simboloxía. Características e propiedades físicas e químicas das materias téxtiles. Denominacións comerciais para as materias téxtiles. Identificación e valoración das materias téxtiles por medio de ensaios físicos e químicos. Identificación dos defectos das materias e dos produtos téxtiles. Ensaos de identificación de materias. Fibras: diferenciación cualitativa e cuantitativa. Fíos: estrutura, composición e aplicacións. Tecidos de calada: estrutura e aplicacións. Tecidos de punto: estrutura e aplicacións. Pel e coiro: clase e aplicacións.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	OS FÍOS	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os materiais utilizados en produtos de confección industrial e determina as súas propiedades mediante a realización das probas e os ensaios adecuados.	NO
RA2 - Recoñece mostras de materias e produtos téxtiles, e selecciona os procedementos establecidos de ensaio e control.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Descríbense os procedementos establecidos para a identificación de materias e produtos téxtiles.
CA1.9 Identifícanse os procesos produtivos utilizados para a fabricación dos produtos e os materiais téxtiles.
CA2.2 Analízanse as características estruturais e de comportamento das materias e dos produtos téxtiles.

4.2.e) Contidos

Contidos
Procesos de obtención das materias téxtiles. Transformación do produto de partida ata o produto final. Esquemas. Estruturas e parámetros no deseño de materias téxtiles: Fios para tecidos de calada e de punto. Tecidos de calada: ligamentos básicos e os seus derivados. Tecidos de punto: por recollida e por urdido. Ensaio de verificación de parámetros. Probas de medida: finura, lonxitude, peso e título. Probas co torsiómetro: valor e sentido da torsión. Solideces das tinturas: á pasada do ferro, á lavadura en seco e en húmido, ao rozamento, á luz, etc. Probas instru

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	OS TECIDOS	40

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os materiais utilizados en produtos de confección industrial e determina as súas propiedades mediante a realización das probas e os ensaios adecuados.	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece mostras de materias e produtos téxtiles, e selecciona os procedementos establecidos de ensaio e control.	NO
RA4 - Identifica os téxtiles técnicos e outras materias específicas, e describe as súas características e as súas aplicacións.	SI
RA5 - Determina as condicións de conservación e almacenaxe de materias téxtiles, peles e coiros, e analiza a súa influencia sobre as características de compoñentes e produtos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Medíronse os parámetros que determinan as propiedades das materias e dos produtos, utilizando instrumentos e procedementos adecuados.
CA1.8 Descríbense os usos e as aplicacións das materias téxtiles.
CA2.1 Identificouse a natureza das materias e dos produtos téxtiles por medio de ensaios físicos e químicos.
CA2.3 Determináronse as propiedades das materias e dos produtos téxtiles nunha mostra expresadas nas unidades adecuadas.
CA2.4 Valoráronse os resultados obtidos nas marxes de aceptación e tolerancia.
CA2.5 Operouse cos medios, os instrumentos e os materiais de identificación e medición determinados nos procedementos establecidos.
CA2.6 Manipuláronse e medíronse os parámetros con seguridade e pulcritude, e de xeito metódico.
CA4.1 Identificáronse as áreas máis representativas en que interveñen os téxtiles técnicos (automoción, xeotéxtiles, agricultura, construción, protección persoal, etc.).
CA4.2 Recoñecéronse os seus usos e as súas aplicacións.
CA4.3 Valorouse a importancia dos téxtiles técnicos no sector da confección.
CA4.4 Definíronse as funcións dos chamados produtos de vestir intelixentes.
CA4.5 Identificáronse novas tendencias en produtos téxtiles e pel.
CA5.1 Relacionouse a natureza das materias e dos produtos téxtiles coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.

Criterios de avaliación
CA5.2 Identifícaronse os tipos de materias e produtos na súa embalaxe ou na súa presentación comercial.
CA5.3 Deducíronse as condicións de conservación (temperatura, luz, humidade, ventilación, etc.) que debe ter un almacén para manter as materias e os produtos téxtiles.
CA5.4 Indicáronse os tipos de embalaxes, e as presentacións comerciais das materias e dos produtos téxtiles para o seu transporte e a súa almacenaxe.
CA5.5 Utilizouse a simboloxía de conservación e instrucións de uso das materias e dos produtos téxtiles.
CA5.6 Identifícaronse o tipo de materia e os produtos téxtiles a partir da simboloxía normalizada de etiquetaxe.

4.3.e) Contidos

Contidos
Aplicacións das materias e dos produtos téxtiles.
Identificación e medición dos parámetros das materias e dos produtos téxtiles a través de análises cualitativas e cuantitativas. Instrumentos de medida.
Equipamentos e instrumentos de medición e ensaio: calibraxe e mantemento.
Procedemento de extracción de mostras. Elaboración de probetas. Normas na realización de ensaios.
Procedementos de análise, avaliación e tratamento de resultados. Elaboración de informe ou documento sobre o ensaio.
Normativa de seguimento no ensaio.
Prevenición de riscos persoais, materiais e ambientais.
Procedementos de orde e limpeza nas análises e na execución dos ensaios.
Criterios de selección en función da medición que se realice, a instalación, o axuste, a calibraxe e a lectura dos elementos de medida utilizados para a análise dos materiais. Método de traballo.
Técnicas de mostraxe. Anotación de datos e elaboración de fichas ou documentos.
Normas aplicadas á análise de materias e produtos téxtiles. Normas téxtiles de aplicación nos ensaios UNE-EN-ISO ou outras.
Ensaos de verificación das propiedades. Probas dinamométricas: resistencia, elasticidade e elongación. Probas de lavado: estabilidade dimensional e perda de peso. Probas de abrasión: comportamento ao uso. Probas de rebentamento: resistencia á presión. Pr
Conveniencia destes ensaios en relación á materia téxtil obxecto de verificación e a procedencia ou o destino da súa aplicación.
Tratamento de datos.

Contidos
<p>0 Sectores de aplicación: confección de pezas de vestir, fogar, obra civil, industria, etc.</p> <p>Innovación de acabamentos. Nanotéxtiles.</p> <p>Identificación de téxtiles técnicos.</p> <p>Características dos materiais dos téxtiles técnicos: fibras de uso técnico e fibras de altas prestacións.</p> <p>Aplicación dos téxtiles técnicos: indumentaria, roupa laboral, deporte, de uso médico, militar, etc.</p> <p>Características dos materiais dos téxtiles técnicos: fibras de uso técnico e fibras de altas prestacións.</p> <p>Aplicación dos téxtiles técnicos: indumentaria, roupa laboral, deporte, de uso médico, militar, etc.</p> <p>Sectores de aplicación: confección de pezas de vestir, fogar, obra civil, industria, etc.</p> <p>Innovación de acabamentos. Nanotéxtiles.</p> <p>Conservación e vida útil das materias e dos produtos. Materias téxtiles segundo o estado de transformación do produto: flocaxe, fiadura, tecido, peza confeccionada, etc.</p> <p>Axentes que acurtan ou perturban a vida útil.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	ENNOBRECEMENTO TÉXTIL	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona tratamentos, aprestos e acabamentos de materias e produtos, e recoñece as propiedades ou as características que se modifican e as calidades obtidas.	SI
RA5 - Determina as condicións de conservación e almacenaxe de materias téxtiles, peles e coiros, e analiza a súa influencia sobre as características de compoñentes e produtos.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Determináronse os procedementos de aprestos e acabamentos, e indicáronse as materias empregadas e as características que lles confiren ás materias e aos produtos téxtiles.
CA3.2 Determináronse os criterios que cumpra aplicar para a selección dos aprestos e os acabamentos que deban ter as materias téxtiles en relación ás características desexadas.
CA3.3 Dedúronse nas materias e nos produtos téxtiles os tratamentos aos que se someteron e as características para os conseguir.
CA3.4 Relacionáronse as propiedades e as prestacións que lle confiren os procesos de acabado a un produto téxtil.
CA3.5 Diferenciouse sobre mostras o antes e o despois do proceso.
CA5.7 Descríbense as características funcionais e as condicións operativas de seguridade dos medios e dos sistemas de transporte e manipulación empregados na almacenaxe de materias e produtos téxtiles.

4.4.e) Contidos

Contidos
Ennobrecemento das materias téxtiles: función e características.
Clasificación dos tratamentos: mecánicos, químicos e térmicos.
Aplicación dos tratamentos: produtos, máquinas e sistemas. Aprestos modificantes e adicicionantes: tipos e efectos. Tinguidura, estampación e branqueamento: colorantes, produtos, procedementos e maquinaria utilizados. Tipos e efectos obtidos nos materiais.
Características e propiedades conferidas ás materias e aos produtos téxtiles.
Métodos para a identificación dos acabamentos.
Defectos máis comúns.
OSimboloxía de manipulación e transporte de produtos.
Condicións óptimas de permanencia e conservación: humidade, temperatura, luz, etc.
Criterios de almacenaxe.
Presentación comercial das materias e dos produtos téxtiles.

Contidos
Documentación básica de almacén: pedido, albará, factura, fichas, etc. Etiquetaxe das materias e dos produtos téxtiles. Normativa sobre a etiquetaxe: obrigatoria, de composición, de conservación, de envasamento e de comercialización. Riscos laborais e normativa de seguridade.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	NATUREZA E CARACTERÍSTICAS DA PEL.	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica peles e coiros en produtos de confección, e determina calidades, tipos e tratamentos recibidos.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse o proceso de curtido de peles e coiros, e sinaláronse os produtos de entrada e saída.
CA1.2 Analizáronse por procedementos adecuados as propiedades e as características das peles e os coiros.
CA1.3 Relacionáronse as propiedades das peles e os coiros cos procesos de fabricación ou os tratamentos que os orixinaran.
CA1.4 Distinguíronse os tipos de peles e a súa relación coas características dos artigos que se pretenda fabricar.
CA1.5 Describiuse un proceso de calidade tipo de pel e coiro.

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Natureza e características das peles e os coiros: Estrutura e histoloxía da pel. Partes da súa superficie: colo, faldras, crupón e culata.</p> <p>0Aplicacións das peles e os coiros.</p> <p>Composición química da pel.</p> <p>Tratamentos previos ao proceso de curtadura: conservación, remollo, pelamio, caleiro, etc.</p> <p>Características e parámetros que inflúen no tratamento.</p> <p>Proceso de curtido: vexetal, cromo, aluminio e sustancias sintéticas.</p> <p>Operacións posteriores ao curtido: escorredura, división, neutralización e recurtadura.</p> <p>Tintura e engraxamento: colorantes tipo utilizados, métodos de tintura, engraxamento e secado.</p> <p>Acabamentos: tipos e características: abrillantables, termoplásticos e especiais.</p> <p>Principais características das peles curtidas: poros, tacto superficial, grosor e superficie.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	OBTENCIÓN DA PEL CURTIDA	15

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica peles e coiros en produtos de confección, e determina calidades, tipos e tratamentos recibidos.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Elaboráronse e analizáronse pautas de inspección relativas ao control de peles e coiros.

Criterios de avaliación
CA1.7 Sinaláronse os defectos máis comúns en coiros e peles, debido á súa natureza e ao seu proceso de transformación.
CA1.8 Valoráronse as repercusións dos defectos e das anomalías que inciden máis frecuentemente nas características do produto final.
CA1.9 Relacionouse o elemento complementario coa súa función.
CA1.10 Observouse a adecuación dos elementos complementarios ao modelo.

4.6.e) Contidos

Contidos
Realización de medidas sobre peles e coiros: grosor e superficie. Procedementos de inspección: defectos e repercusións. Normas de calidade relativas a peles e coiros: estatais, internacionais e non oficiais. Especificacións e tolerancias. Peles de peletaría. Materiais, substancias e sistemas que interveñen nos produtos intelixentes de calzado: funcionamento.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	ACABADOS E CONSERVACIÓN DA PEL CURTIDA	15

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina as condicións de conservación e almacenaxe de materias téxtiles, peles e coiros, e analiza a súa influencia sobre as características de compoñentes e produtos.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Relacionouse a natureza das peles e os coiros coas condicións ambientais de conservación e almacenaxe.
CA2.2 Identificáronse os tipos de peles e coiros na súa embalaxe ou na súa presentación comercial.
CA2.3 Deducíronse as condicións de conservación (temperatura, luz, humidade, ventilación, etc.) que debe ter un almacén para manter as peles e os coiros.
CA2.4 Indicáronse os tipos de embalaxes, e as presentacións comerciais das peles e dos coiros para o seu transporte e a súa almacenaxe.
CA2.5 Utilizouse a simboloxía de conservación e as instrucións de uso das peles e os coiros.
CA2.6 Identificouse o tipo de peles e coiros a partir da simboloxía normalizada de etiquetaxe.
CA2.7 Descríronse as características funcionais e as condicións operativas de seguridade dos medios e dos sistemas de transporte e manipulación empregados na almacenaxe de peles e coiros.

4.7.e) Contidos

Contidos
<p>Conservación e vida útil das materias e os produtos. Materias de pel e coiro segundo o estado de transformación: en bruto, piquelada, curtida, acabada, en peza confeccionada, en artigo, etc.</p> <p>0 Simboloxía de manipulación e transporte de produtos.</p> <p>Axentes que acurtan ou perturban a vida útil.</p> <p>Condicións óptimas de permanencia e conservación: humidade, temperatura e luz.</p> <p>Criterios de almacenaxe.</p> <p>Presentación comercial das materias: peles e coiros.</p> <p>Documentación básica de almacén: pedido, albará, factura, fichas, etc.</p> <p>Etiquetaxe das materias: peles e coiros.</p> <p>Normativa sobre a etiquetaxe: obrigatoria, de composición, de conservación, de envasamento e de comercialización.</p>

Contidos

Riscos laborais e normativa de seguridade.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**1. MÍNIMOS ESIXIBLES:**

- Utilizar a terminoloxía axeitada no referente ás materias e materiais téxtiles, peles e coiros.
- Recoñecer as distintas materias téxtiles e peles, as súas características e natureza.
- Describir os procesos necesarios para a obtención de fíos e identificar conceptos como torsión e numeración.
- Describir os procesos de obtención dos tecidos non tecidos, tecidos de calada e tecidos de punto.
- Coñecemento de tintes e colorantes e a súa aplicación.
- Indicar as operacións previas á aplicación dos aprestos e acabamentos de xéneros téxtiles.
- Saber describir os distintos procesos de obtención de peles e coiros comparando o produto antes e despois da aplicación dos procesos de fabricación establecidos.
- Valorar a incidencia que os defectos das peles teñen no produto final.
- Clasificar as peles segundo o tamaño, grosor e defectos que conteñen.
- Determinar a aplicabilidade das peles na industria da confección.

Non obstante, serán considerados MÍNIMOS EXIXIBLES todos os indicados como tales en cada UD.

2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

1.- Exames e probas realizadas. Representarán o 70 % da nota total (7 puntos).

Poderán incluír preguntas de desenvolvemento, definición de conceptos, esquematización de procesos, tipo test ou de completar cadros onde se demostre o dominio dos respectivos criterios de avaliación. A profesora garda o dereito a decidir a permisividade da consulta de apuntamentos ou bibliografía en exames nos que o que se pretenda avaliar sexa a capacidade do alumnado para resolver situacións prácticas en base aos recursos dos que dispón, non só en base á súa capacidade memorística.

As probas faranse periódicamente e con previo aviso. No caso de existir máis dun examen (proba escrita parcial) por avaliación, a nota final correspondente a exames, será a media aritmética de todas as notas.

Para poder facer media, é necesario obter como mínimo un 5 en cada unha das notas individuais, se non é así, a avaliación aparecerá un 4 na nota correspondente. As partes suspensas poderán ser recuperadas na seguinte avaliación, gardándose as partes superadas para o cálculo da nota final.

2.- Traballos e exercicios. Representarán o 30 % da nota total (3 puntos).

Esta porcentaxe poderá variar ó longo da avaliación.

Ao longo de cada avaliación, vanse propoñer traballos para realizar polos alumnos tanto individualmente como en grupo. Algúns realizaranse na clase e outros fóra.

Valorarase a limpeza e orden nos traballos presentados. Os traballos deberán entregarse con puntualidade (nin antes nin despois da data fixada).

Para poder computar neste apartado, é necesario obter como mínimo un 5 en cada unha das notas dos traballos, se non é así, a avaliación aparecerá suspensa na nota correspondente. As partes suspensas poderán ser recuperadas na seguinte avaliación, gardándose as partes superadas para o cálculo da nota final.

No caso de que nunha avaliación só se realice o exame teórico (non haxa traballos), o 100 % da nota será aportada polos resultados das probas e exames.

2.3 A nota final da avaliación será a suma dos apartados anteriores (sempre que tódalas probas parciais e traballos superen a nota de 5). A cualificación do módulo será numérica, do 1 a 10, sen decimais. Se a nota resultante ten un número decimal con valor 6 ou máis, a cualificación será a nota inmediatamente superior, excepto de 4 a 5.

Para obter unha cualificación positiva nunha avaliación será preciso obter como mínimo unha nota de 5.

Para aprobar cada avaliación, e a final de xuño, deben estar entregados tódolos traballos esixidos en cada trimestre, realizados de xeito correcto.

O curso distribúese en 3 avaliacións. Para aprobar o curso, deberán aprobarse as 3 avaliacións que compoñen o curso. A nota final obterase da media aritmética das notas das tres avaliacións.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

a. Durante o curso

O/A alumno/a que non superara algunha das probas realizadas por trimestre, terá unha recuperación nas primeiras semanas do seguinte trimestre. No caso de non acadar o aprobado terá que realizar unha proba

escrita antes da avaliación final de xuño.

Na proba terá que acadar un mínimo de cinco puntos para considerala superada. Ademáis, repetiranse aqueles exercicios que estiveran incorrectos e realizaranse todos os traballos que non se presentaran ao seu debido tempo. Aos traballos superados durante o curso manteráselles a nota.

É condición indispensable para aprobar cada avaliación parcial e a final de xuño, ter entregados todos os traballos esixidos durante cada trimestre, realizados de xeito correcto.

b. Recuperación das materias pendentes

O alumnado que promocioe a segundo curso co módulo pendente de 1º, realizarán unha proba escrita final extraordinaria escritas que recolla os criterios da avaliación total do módulo. Esta proba final será de carácter teórico ou teórico-práctico no mes de marzo.

Se nesta avaliación o alumno/a recupérase o módulo, poderá realizar a FCT no período ordinario

Se obtívese a cualificación inferior a 5, poderá examinarse de novo en xuño

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

- No caso de que un/ha alumno/a falte máis do 10% do total das horas do módulo con faltas non xustificadas, perderá o seu dereito á avaliación continua. O/a alumno/a poderá seguir asistindo ás aulas e a todas as actividades programadas pero non será cualificado nas avaliacións correspondentes. Neste caso, terá dereito a facer unha proba final extraordinaria en xuño de toda a materia.

* As sesións do módulo son 160 horas, polo que terá:

- Apercebimento da Perda da Avaliación Continua (6%): 10 h.



- Perda do Dereito á Avaliación Continua (10%): 16 h.

Realizarase no mes de xuño unha proba escrita (teórico-práctica).

* Os criterios de cualificación establécense do seguinte xeito :

1. Parte teórica: 70% da nota total (7 puntos).

- Elementos avaliáveis:

Realización dunha proba escrita para avaliar a asimilación dos conceptos. Esta proba pode ser tipo test, de preguntas curtas de definición, de preguntas longas ou de resolución de problemas.

Asemade, poderase facer unha proba escrita coa combinación de varias das modalidades anteriores.

2. Parte práctica: 30% da nota total (3 puntos).

- Elementos avaliáveis:

Recoñecemento de materias, peles e tecidos, análise dos mesmos, fichas de control. Valorarase tanto a correcta execución dos exercicios coma a limpeza e orde nas probas realizadas.

Será condición indispensable para aprobar que o/a alumno/a obteña unha nota mínima dun 5 na proba.

Esta proba será diferente das que se lle fagan aos alumnos/as que sexan avaliados ordinariamente e será anunciada coa suficiente antelación.

A nota que se obteña no exame será a nota correspondente da avaliación de xuño.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao de cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos entregados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobor da metodoloxía e aspectos relativos á docencia, á forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen si se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 2/2006 de 3 de Maio, de Educación daremos resposta á atención dos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo baseándonos nos principios de normalización e inclusión. Estámonos a referir a alumnos/as con necesidades educativas especiais, alumnos/as con altas capacidades intelectuais, así como alumnado estranxeiro incorporado no sistema educativo. No momento da realización da avaliación inicial, revisaranse os expedientes do alumnado na procura de datos que permitan detectar algunha destas necesidades.

O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é o profesor/a titor/a nun traballo consensuado polo equipo docente do ciclo, que coordinarán a elaboración e implementación do reforzo ou a adaptación curricular, coa colaboración do Departamento de Orientación do centro educativo e do Equipo de Orientación Específico da provincia.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A adaptación curricular será necesario realizala cando un/ha alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, propóndose para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas:

1. Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos.
2. Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, mais sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.

3. Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título. Asemade, reforzarase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.
4. Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables. Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas. Desta maneira, favorecerase a autoestima do alumnado e valorarase o esforzo que realizan para mellorar o seu rendemento. Todo de cara a realizar as oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para acadar unha plena integración de todo o alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das capacidades.
5. Para levar a cabo calquera tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración co titor/a e co orientador/a) deberánse revisar algúns elementos básicos da programación:
 - As capacidades terminais e os contidos.
 - Desenvolvemento dos máis importantes en cada caso.
 - Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e/ou complementarios.
 - Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos.
 - Variacións na secuencia de contidos (temporalización).
 - A metodoloxía.
 - Técnicas de traballo cooperativo.
 - Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.
 - Actividades de reforzo, poden ser alternativas.
 - Reforzo positivo, valorar as capacidades do alumno/a, mellorar a súa autoestima.
 - A avaliación.
 - Modificacións tanto en criterios, en instrumentos como en procedementos avaliativos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

- As novas tecnoloxías, TIC's, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.
- Tendo en conta o concepto de transversalidade aplicado nas diferentes etapas do sistema educativo, todos os contidos que aparecen na programación trataranse con respecto á Natureza e ao Medio



Ambiente, e realizaranse as actividades tendo en conta criterios de Seguridade e Hixiene para o alumno/a.

- Como obxectivo común a cada un dos módulos que compoñen este ciclo, atópase o de acadar persoas concienciadas da necesidade de velar pola saúde do noso Planeta e da súa propia.

* Con carácter xeral aplicaranse as seguintes premisas:

- Tomar mostras correctamente, desenvolvendo un protocolo axeitado e comprobar o bo funcionamento dos equipos e instrumentos, mediante unha correcta calibración e mantemento dos mesmos para acadar unha seguranza da calidade

- Manipular as mostras seguindo as indicacións de seguridade expostas pola profesora á hora de proceder á súa análise e usar os EPI's axeitados a cada situación de risco para acadar a seguridade e hixiene necesarias no posto de traballo.

- Reciclar papel e materiais desbotables que se poidan producir en calquera das aulas do ciclo co fin de acadar ser respectuosos co medio ambiente.

* No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos:

- O traballo en grupo.

- A educación cívica.

- A igualdade de mulleres e homes.

- A educación para a convivencia.

- Orientar as actividades de ensinanza-aprendizaxe dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia e, en particular, a de xénero.

Polo tanto, promoverase en todas as accións levadas a cabo no módulo a igualdade de xénero.

Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, talleres e material de traballo, traballaranse a través das diferentes actividades.

9.1. Posta en valor do patrimonio cultural de Galicia.

Atendendo aos obxectivos anuais que desenvolven o Plan funcional e Estratéxico do Centro, concretamente:

- Potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.
- Situar o galego como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas.
- Facilitar a plena integración lingüística dos alumnos e alumnas procedentes de fóra de Galicia.

9.2. Fomento do Plurilingüismo.

- Incrementar as competencias do alumnado nas linguas estranxeiras.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

* Actividades previstas durante o curso escolar sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no R.R.I. e poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación:

- Como nos anos anteriores, levaranse a cabo algunhas visitas a empresas téxtiles e desfiles de moda. Tanto o calendario como as empresas determinaranse ao longo do curso en función da programación, as condicións climatolóxicas e, sobre todo, unha vez seleccionada a empresa, cando esta indique a data na que nos pode recibir.
- Calquera outra actividade que xurda ao longo do curso, que os orzamentos do ciclo poidan asumir, sempre que sexa autorizado polo Consello Social.